

GLOSARIO

✓ **Catálogo Modular de Formación Profesional (CMFP):**

É o conxunto de módulos formativos asociados ás diferentes unidades de competencia das cualificacións profesionais. Proporciona un referente común para a integración das ofertas de formación profesional que permita a capitalización e o fomento da aprendizaxe ao longo da vida.

Mediante o Catálogo Modular de Formación Profesional promóvese unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada aos distintos destinatarios, de acordo coas súas expectativas de progresión profesional e de desenvolvemento persoal.

Ademais, atende ás demandas de formación dos sectores produtivos, polo que persegue un aumento da competitividade ao incrementar a cualificación da poboación activa.

✓ **Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP):**

É o instrumento que ordena as cualificacións profesionais susceptibles de recoñecemento e acreditación, identificadas no sistema produtivo en función das competencias apropiadas para o exercicio profesional.

Comprende as cualificacións profesionais máis significativas do sistema produtivo español, organizadas en familias profesionais e niveis. Constitúe a base para elaborar a oferta formativa dos títulos e os certificados de profesionalidade.

Inclúe o contido da formación profesional asociada a cada cualificación, de acordo cunha estrutura de módulos formativos articulados. Organízase en familias profesionais e niveis.

Así, definíronse 26 familias profesionais atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional das ocupacións e postos de traballo detectados e cinco niveis de cualificación, de acordo ao grao de coñecemento, iniciativa, autonomía e responsabilidade preciso para realizar esta actividade laboral.

✓ **Certificado de profesionalidade:**

É o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da Administración laboral, que acredita a capacitación para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación para o emprego e asegura a formación necesaria para a súa adquisición no marco do subsistema de formación profesional para o emprego.

Un certificado de profesionalidade configura un perfil profesional entendido como conxunto de competencias profesionais identificable no sistema produtivo, e recoñecido e valorado no mercado laboral.

✓ **Competencia profesional:**

É o conxunto de coñecementos e capacidades que permiten o exercicio da actividade profesional conforme ás esixencias da produción e do emprego (**Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño**, das cualificacións e da Formación Profesional).

A competencia dunha persoa abarca a gama completa dos seus coñecementos e as súas capacidades no ámbito persoal, profesional ou académico, adquiridas por diferentes vías e en todos os niveis, do básico ao máis alto.

Á súa vez, a citada norma conceptualiza a unidade de competencia como o “agregado mínimo de competencias profesionais, susceptible de recoñecemento e acreditación parcial”.

A competencia xeral describe de forma abreviada o cometido das funcións esenciais do profesional.

O CNCP incorpora tanto as competencias técnicas, as específicas desa cualificación e as transversais a outras, como tamén as competencias clave.

As competencias clave son aquelas que permiten aos individuos adaptarse a un contorno laboral cambiante: permiten obter bos resultados durante a actividade profesional en diferentes dominios ou contextos sociais. Constitúen, pois, a clave para a flexibilidade profesional ou funcional dos traballadores/as ao posibilitar a súa mobilidade, xa sexa dentro dun mesmo campo ocupacional ou dun campo a outro.

O SNCFP persegue identificar cales son as competencias requiridas para o emprego, polo que ten en conta tanto as competencias profesionais técnicas como as competencias clave non ligadas a disciplinas ou campos de coñecemento concretos, pero imprescindibles para a inserción laboral.

A unidade de competencia subdivídese en realizacións profesionais que describen os comportamentos esperados da persoa, obxectivables polas súas consecuencias ou resultados, para podela considerar competente nesa unidade.

Os criterios de realización expresan o nivel aceptable da realización profesional para satisfacer os obxectivos das organizacións produtivas e, por tanto, constitúen unha guía para a avaliación da competencia profesional.

O contexto profesional define, con carácter orientador, os medios de produción, produtos e resultados do traballo, información utilizada ou xerada e cantos elementos similares se consideren necesarios para enmarcar a realización profesional.

Cada unidade de competencia leva asociado un módulo formativo, onde se describe a formación necesaria para adquirir esa unidade de competencia.

✓ **Cualificación profesional:**

É o *conxunto de competencias profesionais con significación no emprego que poden ser adquiridas mediante formación modular ou outros tipos de formación, así como a través da experiencia laboral (Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da Formación Profesional)*.

Enténdese que unha persoa está cualificada cando no seu desempeño laboral obtén os resultados esperados, cos recursos e o nivel de calidade debido.

Desde un punto de vista formal, a cualificación é o conxunto de competencias profesionais (coñecementos e capacidades) que permiten dar resposta a ocupacións e postos de traballo con valor en mercado laboral, e que poden adquirirse a través de formación ou por experiencia laboral.

A cada cualificación se lle asigna unha competencia xeral na que se definen brevemente os cometidos e funcións esenciais do profesional. Nela describíense tamén o contorno profesional no que pode desenvolverse a cualificación, os sectores produtivos correspondentes e as ocupacións ou postos de traballo relevantes aos que esta permite acceder.

✓ **Familia profesional:**

Conxunto de cualificacións nas que se estrutura o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional.

✓ **Instituto Nacional das Cualificacións (INCUAL):**

Foi creado polo **Real decreto 375/1999, do 5 de marzo**. É o instrumento técnico, dotado de capacidade e independencia de criterios, que apoia o Consello Xeral de Formación Profesional para acadar os obxectivos do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

É o responsable de definir, elaborar e manter actualizado o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais e o correspondente Catálogo Modular de Formación Profesional.

✓ **Módulo formativo:**

Bloque coherente de formación asociado a cada unha das unidades de competencia que configuran a cualificación.

Un módulo formativo exprésase a través das capacidades e os seus correspondentes criterios de avaliación, así como mediante os contidos que permiten acadar estas capacidades. Nel identifícanse, ademais, aquelas capacidades cuxa adquisición deba ser, no seu caso, completada nun contorno real de traballo. Así mesmo, recolle os parámetros do contexto da formación para que esta sexa de calidade.

✓ **Niveis de Cualificación Profesional:**

Son os que se establecen atendendo á competencia profesional requirida polas actividades produtivas de acordo aos criterios de coñecementos, iniciativa, autonomía, responsabilidade e complexidade. Os niveis defínense dun a cinco, onde o un corresponde co máis básico mentres o cinco é o que esixe maior grao de cualificación do traballador. Listaxe de Niveis de Cualificación Profesional.

✓ **Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional (SNCFP):**

É un conxunto de instrumentos e accións necesarios para promover e desenvolver a integración das ofertas da formación profesional, mediante o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Así mesmo, busca promover e desenvolver a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais, de forma que se favoreza o desenvolvemento profesional e social das persoas e se cubran as necesidades do sistema produtivo.

✓ **Título Formativo:**

É un instrumento para acreditar as cualificacións e competencias adquiridas pola vía formal, e asegurar un nivel de formación, incluíndo competencias profesionais, persoais e sociais. No ámbito do sistema educativo, os títulos de Formación Profesional son o de Técnico e o de Técnico Superior que se adquiren mediante as ensinanzas dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior respectivamente.

✓ **Unidade de competencia:**

O agregado mínimo de competencias profesionais, susceptible de recoñecemento e acreditación parcial, para os efectos previstos no artigo 8.3 da **Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño**, das Cualificacións e da Formación Profesional.